

Expediente: CON2023000070 Referencia interna: 2023/00053654E -
Servizo de Axuda no Fogar (SAF)
Tipo de contrato: Servicios Procedemento: Abierto

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria e urxente celebrada o 29 de decembro de 2023 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do expediente de contratación *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*, cun orzamento base de licitación de 12.722.468,72 €

A proposta é do seguinte teor literal:

Juan Carlos Porrúa Pardal, Director da Área de Recursos Humanos, Avaliación, Contratación e Réxime Interior, en ausencia da xefa do Servizo de Contratación, ao abeiro do Acordo da Alcaldía núm. 2023/10068 do día 11/08/2023 e consonte os termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

INFORMO

ANTECEDENTES

1. O día 19/12/2023 a Xefa do Servizo de Acción Social emitiu informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación do *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*.
3. O 21/12/2023, o concelleiro delegado de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local ditou resolución de inicio do dito expediente.
4. No expediente consta, tamén, estudo económico (20/12/2023), proposta de criterios de adxudicación (19/12/2023) e o prego de prescricións técnicas (20/12/2023).
5. O día 21/12/2023, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, xunto con un informe acerca da aprobación dos pregos asinado o mesmo día.
6. Consta no expediente o informe da Asesoría Xurídica Municipal núm. AX/0273/2023, asinado o día 26/12/2023. En base a dito informe modificouse o PCAP o día 27/12/2023 así como o informe de necesidade, o PPT e o estudo económico.
7. Constan no expediente os documentos contables RCs de exercicios posteriores acreditativos da existencia de crédito adecuado e suficiente e informe da oficina orzamentaria do día 26/12/2023.

CONSIDERACIÓNS

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así coma nos artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e consonte o acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, en virtude das competencias delegadas por decreto da Alcaldía do 17/06/2023, propón que a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*, cun orzamento base de licitación de 12.722.468,72 € (base impoñible de 12.233.143,00 € máis IVE do 21% de 489.325,72 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Autorizar, ao abeiro do artigo 174.5 do TRLRFL, o incremento dos límites do artigo 174.3 do TRLRFL de aí que o gasto para este contrato que se imputa á aplicación 020 23100 2270300 conte coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	3.729.600,53 €
2025	6.361.234,36 €
2026	2.631.633,83 €
TOTAL	12.722.468,72 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto ao abeiro do disposto no apartado segundo da disposición adicional terceira da LCSP de aí que a súa adxudicación quede sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio posterior.

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, así mesmo, ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2023/1591 e con resultado Fiscalización de conformidad.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de Axuda no Fogar (SAF)*, cun orzamento base de licitación de 12.722.468,72 € (base impoñible de 12.233.143,00 € máis IVE do 21% de 489.325,72 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Autorizar, ao abeiro do artigo 174.5 do TRLRFL, o incremento dos límites do artigo 174.3 do TRLRFL de aí que o gasto para este contrato que se imputa á aplicación 020 23100 2270300 conte coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	3.729.600,53 €
2025	6.361.234,36 €
2026	2.631.633,83 €
TOTAL	12.722.468,72 €

Este contrato tramítase como anticipado de gasto ao abeiro do disposto no apartado segundo da disposición adicional terceira da LCSP de aí que a súa adxudicación quede sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio posterior.

O gasto de exercicios futuros queda subordinado, así mesmo, ao crédito que para cada exercicio se autorice no respectivo orzamento consonte o establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.